



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO EXTRAORDINARIO NÚM. 3 DO 7 DE FEBREIRO DE 2024

Exp. núm.: 2024/G010/000003

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

D. Mario Martínez Lago (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Damián Torea García (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO. Aprobación da solicitude de participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2024 da Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO. Aprobación da solicitude de participación do POS+ADICIONAL 1/2024 da Deputación Provincial da Coruña.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as catorce horas do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretario accidental do Concello que emitirá as certificacións oportunas.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

PRIMEIRO. Aprobación da solicitude de participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2024 da Deputación Provincial da Coruña

A señora alcaldesa dá paso á intervención da concelleira de obras, Da. Laura Rivadeneira, que explica a seguinte proposta:

Vista a bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2024 aprobado polo pleno da Deputación da Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e catro de novembro de dous mil vinte e tres, publicado no BOP núm. 227 de 28 de novembro de 2023

Vistos os proxectos de obras que o Concello de Muros ten previsto presentar a Deputación da Coruña para o seu financiamento en base a esta plan, os informes técnicos que obran no expediente e as solicitudes de autorizacións das obras, así como os informes relativos a solicitude de Gasto Corrente.

En base a todo isto, esta Alcaldía propón á comisión informativa ditaminar favorablemente o seguinte acordo para a súa posterior aprobación polo pleno:

1. "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	247.212,22
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	0
Subtotal gasto corrente	247.212,22

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024 Denominación da obra ou subministración	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal investimentos achega provincial 2024	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO
--	-------------------------------



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

<i>financeiramente sostibles)</i>					
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>			<i>Orzamento total</i>
		<i>Achega municipal</i>	<i>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</i>	<i>Total Concello</i>	
<i>HUMANIZACION RUAL REAL, FASE II</i>	191.715,60	46.684,21	0,00	46.684,21	238.399,81
<i>Subtotal investimentos achega provincial 2023</i>	191.715,60	46.684,21	0,00	46.684,21	238.399,81

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

<i>C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)</i>	<i>Deputación</i>
<i>Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda</i>	0
<i>Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda</i>	0
<i>Subtotal redución da débeda do concello coa deputación</i>	0

Resumo:

<i>POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO</i>		<i>Concello</i>				<i>Orzamento Total</i>
		<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)</i>	<i>Total concello</i>	
<i>A- GASTOS CORRENTES</i>	<i>Achega 2024</i>	247.212,22				247.212,22
	<i>Achega 2023 (Excep. base 2.1)</i>	0,00				0,00
<i>B- INVESTIMENTOS</i>	<i>Achega 2024</i>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<i>Achega 2023</i>	191.715,60	0,00	0,00	46.684,21	238.399,81
<i>C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN</i>	<i>Achega 2024</i>	0,00				0,00
	<i>Achega 2023</i>	0,00				0,00
<i>D- TOTAL</i>	<i>Achega 2024</i>	247.212,22	0,00	0,00	0,00	247.212,22
	<i>Achega 2023</i>	191.715,60	0,00	0,00	46.684,21	238.399,81
	<i>TOTAL</i>	438.927,82	0,00	0,00	46.684,21	485.612,03

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

<i>Denominación dos investimentos financeiramente sostíbeis (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)</i>	<i>(A) Orzamento de contrata</i>	<i>(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)</i>	<i>(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)</i>
SANEAMENTO NA MARXE ESQUERDA DA ESTRADA DE SERRES, MUROS	170.609,14	0	170.609,14
TOTAIS	170.609,14	0	170.609,14

3. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Sra. Monteagudo indica que teñen unha emenda que se transcribe a continuación:

As bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+2024, indican, respecto do plan complementario e plan adicional, que os concellos deben solicitar "investimentos financeiramente sostíbeis" dentro do Plan Complementario por un importe mínimo do 25% da suma dos dous tipos de achega provincial asignada ao concello, aconsellando que sexa maior.

A proposta que traen a Pleno inclúe unha obra "Saneamento na marxe esquerda da estrada de Serres, Muros", por importe de 170.609,14 euros, que é un 35% da suma das achegas. Dado o baixo importe asignado inicialmente no plan único, é previsible que a aportación adicional sexa superior ao 25% indicado nas bases, que mesmamente recomentan que as propostas incluídas no plan complementario superen esa porcentaxe.

Dado que existen proxectos declarados por esta corporación como urxentes e prioritarios, entre eles a obra de Saneamento e pluviais na Ribeira do Maio,

Propoñemos ao Pleno da Corporación que se inclúa no Plan Complementario do ano 2024 o proxecto de Saneamento e pluviais na Ribeira do Maio, por importe de 92.500 euros.

O proxecto está listo, e dálle solución a un problema grave de filtracións da rede de saneamento nun edificio de vivendas que xa ven de tempo atrás, e que lle está causando un prexuízo tremendo aos veciños e inclúe tamén ao saneamento dunha parte de Uía.

A Sra. González di que esta obra é urxente e necesaria e que non están en contra dela, pero non de facela co POS, e di que o proxecto desta obra ten sen actualizar os prezos.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

O Sr. Lago indica que non entende moi ben a emenda.

A alcaldesa dille que é referente ao segundo punto do primeiro punto da orde do día.

A Sra. Monteagudo sinala que cren que esta obra encaixa perfectamente no POS complementario e di que tamén lles valería que a metesen coma gasto corrente.

A señora alcaldesa di que consideran que esta obra é demasiado urxente como para metela dentro do POS, o que provocaría que se dilataría moito no tempo. E di que buscan liquidez no concello para poder executala o máis rápido posible. E que non ven a necesidade de incluír a emenda deste proxecto.

A Sra. Monteagudo sinala que do diñeiro que incorporaron non fixeron ningunha obra de saneamento e que non entende que pasa con esta obra e non solucionala pode supor unha responsabilidade patrimonial.

A Sra. González sinala que o Partido Popular non cumpriu ningún compromiso e que se teñen que comprometer coa veciñanza e que as parroquias van ser todas iguais.

O Sr. Lago di que se vai abster en canto á emenda.

A señora alcaldesa di que hai máis formas de financiamento. Sinala que a través de Augas de Galicia, máis este organismo só asinou convenios con concellos que lle facían graza. E remata dicindo que van votar en contra posto que xa se está traballado nela.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), coa abstención do grupo mixto Muros Centrado (1) e cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3), queda rexeitada a emenda.

A Sra. Rivadeneira segue explicando que son obras que gardan relación co saneamento.

A Sra. Monteagudo sinala que a humanización do conxunto histórico xa se iniciou co seu goberno, na rúa Ancha. A cren que obra de Serres é necesaria. E afirma que tamén representan á veciñanza de Muros.

A Sra. González di que o saneamento da rúa Real é necesaria. E que o equipo de goberno quere investir en saneamento e reparar camiños.

O Sr. Lago di que non lle gusta a humanización da rúa Real polo tipo de pedra utilizada. Sinala tamén que as compañías de telefonía non poden deixar os cables á vista, senón que teñen que soterralos como aparece no PEPCHA. Indica que o proxecto é caro. E con respecto ao proxecto de Serres di que está moi ben explicado e que a separación das augas é algo necesario. En canto aos gastos correntes bota en falta unha memoria da rede de saneamento.

A Sra. Rivadeneira sinala que entende que todos e todas están conformes con estas obras.

O Sr. Lago pregunta se os gastos correntes van ser aplicados ao capítulo dous ou ao sexto do orzamento.

A señora alcaldesa responde que vai no capítulo número dous.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3) e coa abstención do grupo municipal popular (4) e do grupo mixto Muros Centrado (1), queda aproba por maioría absoluta a seguinte proposta:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	247.212,22

**CONCELLO DE MUROS**

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	0
Subtotal gasto corrente	247.212,22

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal investimentos achega provincial 2024	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
HUMANIZACION RÚA REAL, FASE II	191.715,60	46.684,21	0,00	46.684,21	238.399,81
Subtotal investimentos achega provincial 2023	191.715,60	46.684,21	0,00	46.684,21	238.399,81

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	0

Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	247.212,22				247.212,22
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)	0,00				0,00
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Achega 2023	191.715,60	0,00	0,00	46.684,21	238.399,81
C- REDUCCIÓN DA DÉBIDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024	0,00				0,00
	Achega 2023	0,00				0,00
D- TOTAL	Achega 2024	247.212,22	0,00	0,00	0,00	247.212,22
	Achega 2023	191.715,60	0,00	0,00	46.684,21	238.399,81
	TOTAL	438.927,82	0,00	0,00	46.684,21	485.612,03

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
SANEAMENTO NA MARXE ESQUERDA DA ESTRADA DE SERRES, MUROS	170.609,14	0	170.609,14
TOTAIS	170.609,14	0	170.609,14

3. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

SEGUNDO. Aprobación da solicitude de participación do POS+ADICIONAL 1/2024 da Deputación Provincial da Coruña

A señora alcaldesa dá paso á Sra. Rivadeneira para que explique a seguinte proposta:

PROPOSTA

Vista a bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2024, aprobado polo pleno da Deputación da Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e dous, publicado no BOP nº 227 de 28 de novembro de 2023,

Visto os informes de intervención e do departamento de Servizos Sociais do Concello de Muros en relación ao financiamento con cargo sociais extraordinarios para a solicitude de axuda do POS+ADICIONAL 1/2024

En base a todo isto, esta Alcaldía propón á comisión informativa ditaminar favorablemente o seguinte acordo para a súa posterior aprobación polo pleno:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 Dato notificado que figura no seu expediente

70.632,06 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €	0,00 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou			0,00 €		0,00 €



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

<i>déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</i>					
<i>c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</i>	70.632,06 €	0,00 €	70.632,06 €	70.632,06 €	0,00 €
<i>d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos</i>			0,00 €		0,00 €



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

servizos sociais municipais.					
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	70.632,06 €	0,00 €	70.632,06 €	70.632,06 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de		0,00 €	0,00 €		0,00 €

**CONCELLO DE MUROS**

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

<i>recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.</i>					
<i>j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.</i>	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	70.632,06 €	0,00 €	70.632,06 €	70.632,06 €	0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	70.632,06 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	70.632,06 €

2. *Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.*

3. *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

A Sra. Monteagudo pregunta se teñen pensado ampliar os servizos ou crear servizos novos.

Intervén o concelleiro Mario Martínez e sinala que queren pagar a quilometraxe ás traballadoras do SAF, que non se estaba a pagar. E sinala que servizo novo non, e que o mantemento do que hai xa supón un gasto bastante grande.

A Sra. González di que servizos sociais no concello de Muros é moi importante.

O Sr. Lago di que bota en falta unha pequena memoria, e dos datos que consegue extraer ve que hai unha empresa de fóra de Muros e pregunta por que a través do axente de emprego non se lles anima ás traballadoras a ser autónomas para ser contratadas polo concello.

A señora alcaldesa explica que estes cartos son íntegros para pagar o servizo de axuda ao fogar, posto que a achega da Xunta de Galicia é mínima, e os concellos son quen os financian. E con respecto á empresa di que é porque as persoas



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

que están na bolsa están case todas traballando e houbo que sacar unha nova. As traballadoras fan un traballo duro e moi mal agradecido. Remata dicindo que non é doado atopar xente para este servizo.

A Sra. Monteagudo di que é unha lei estatal e que o estado non pon nada para o servizo. Sinala que están de acordo en que reforcen o servizo. Mais non cren que sexa legal pagar con esta subvención a quilometraxe.

A Sra. González sinala que non é normal que o Concello non lle pague a quilometraxe ás traballadoras, e que teñan elas que o pague do seu soldo.

O Sr. Martínez di que a empresa privada é Son a túa axuda de Porto do Son e que chegan a cubrir a tres ou a catro traballadoras por mes. Remata dicindo que a Xunta de Galicia achega 12 euros pero ao Concello supónlle 20 euros, e cando hai unha baixa 22 euros. E con tantas baixas como neste momento, a hora aínda sae máis cara.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor grupo municipal do BNG (4), e do grupo municipal socialista (3), do grupo municipal popular (4) e do grupo mixto Muros Centrado (1), queda aproba por unanimidade a seguinte proposta:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 Dato notificado que figura no seu expediente

70.632,06 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €	0,00 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non			0,00 €		0,00 €



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.					
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	70.632,06 €	0,00 €	70.632,06 €	70.632,06 €	0,00 €
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	70.632,06 €	0,00 €	70.632,06 €	70.632,06 €	0,00 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024					
INVESTIMENTO					
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas,		0,00 €	0,00 €		0,00 €



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.					
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	70.632,06 €	0,00 €	70.632,06 €	70.632,06 €	0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	70.632,06 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	70.632,06 €

2.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as quince horas do día de referencia, e de todo o que eu, como secretario accidental, dou fe.

Documento asinado electronicamente.